



# Guion técnico exemplo

## FICHA TÉCNICA

**Emisora ou grupo responsable:** alumnado de 6º EP para o magacín "Naturalmente, Galicia"

**Reportaxe:** "Ons de plumas e cantos"

**Duración:** 1'53"

### Secuencia de realización

Control/realización	Sintonía	5"
Control/realización	Entra son de natureza, paxaros cantando e vai baixando.	5"
Locutora	Benvidos e benvidas a este novo magacín semanal sobre natureza. Hoxe visitaremos, da man do noso reporteiro Luis Calvo, a illa de Ons. A nosa primeira parada atópase nos montes do corazón da illa. Dentro reportaxe!	14"
Reporteiro ou Reporteira	Una bandada de paxaros sobrevoa a miña cabeza. A esa altura non podo distinguiilos, pero é xuño e probablemente o "símbolo animal" da illa de Ons estea no seu niño, quentando os seus ovos. Estou falando da canilonga. Para calquera persoa afeccionada á ornitología, desfrutar da contemplación de aves é todo un pracer. Unirme a unha excursión á zona recreativa da illa, para aprender sobre aves e sobre cmo avistarlas.	1'05"
Reporteiro ou Reporteira	Existen algunhas normas que debes coñecer: a primeira e máis importante, respecta. Non intentes achegarte aos paxaros nin aos niños, non recollas poliños que se caian nin interactúes con eles. Non te necesitan, o seu pai ou a súa nai volverá para coidalos. En segundo lugar, fala	

	baixo e camiña lento. As aves non amosarán tanto entusiasmo por ti como ti por elas. Un último consello: aguza vista e oído. Sorprenderache o distinto que poden sonar os cantos dos paxaros e cantos significados diferentes poden ter. Escoitemos a Alfredo García, ornitólogo:	
Corte testemuña 1	A ciencia non se pon de acordo en por qué cantan os paxaros. A teoría máis estendida di que é unha forma de comunicación entre eles por distintos motivos: apareamento, perigo, defensa do territorio, pracer... O único certo é que xa se clasificaron máis de 4000 especies de aves cantoras no mundo.	16"
Reporteiro ou Reporteira	De camiño ao coche, disfrutando da natureza e en paz, fíxate nos movementos das pólas. Pode que non sexa o vento...	8"



## ESTRUTURA

Malia a súa liberdade creativa, na maioría de reportaxes atopamos:

- 1. Introducción ou apertura.** Busca reclamar a atención da audiencia, pódese crear intriga. Debe ser breve, clara e contar coa esencia temática da reportaxe.
- 2. Desenvolvemento.** O corpo da reportaxe contén a maior parte da información. Debe prestarse moita atención ás fontes e testemuñas. É fundamental manexar o ritmo narrativo.
- 3. Feche.** Nel non se engaden datos novos, se non unha especie de conclusión. Debe coidarse, xa que é o último que escoita a audiencia.



# A reportaxe radiofónica



## Que é?

A reportaxe radiofónica é un xénero baseado no monólogo, no que se realiza unha narración de feitos ou accións de interese para a audiencia cun amplo contexto de interpretación e un rico abano de fontes. Nesta narración, o ou a periodista utiliza a creatividade para facer atrativa a historia, coidando especialmente a estética do devandito relato.

É un xénero flexible e creativo, que pode combinar todos os elementos que constitúen a linguaxe radiofónica.

A extensión varía moito: aínda que os máis habituais son breves (de 2 a 4 min.), os de investigación poden superar os 30 min.



## Obxectivo

O seu obxectivo é informar dende a interpretación e contextualización dun feito que non ten por que estar de actualidade. Sérvese da orixinalidade e unha traballada montaxe para espertar o interese da audiencia sobre un feito que xa coñece.



## Elementos chave

Nunha boa reportaxe é imprescindible prestar atención a:

- A intención informativa, especialmente en canto á profundidade (uso axeitado dos testemuños), o respecto pola investigación e as fontes.
- Locución.
- O coidado estético, sobre todo se hai traballo de montaxe, especialmente no manexo das transicións.
- Unha posta en escena creativa e orixinal, cunha gran liberdade estrutural e expresiva.
- Dar un punto de vista "humano" ao que se conte para conectar coa audiencia.

## TIPOS DE REPORTAXES

Principalmente podemos clasificalos en:

- Dependendo da técnica de **realización** (en **directo** ou en **diferido**), da profundidade coa que se trate a información, o **lugar de emisión** (dende a rúa ou no estudo) e segundo o **contido** que trate, podemos atopar diferentes tipos de reportaxes.
- Polas posibilidades de **aplicación no aula**, destácanse os seguintes tipos de reportaxe:
  - **Documental**: trata de dar profundidade a un determinado tema. Require documentarse con diferentes fontes e contar con diferentes testemuñas dando unha gran riqueza informativa: desde diferentes puntos de vista, opinións, contrastes,...
  - **De investigación**: séguese un proceso similar á investigación científica. Partindo da formulación de hipótese, búscanse testemuños e fontes que as proben ou contradigan, para poder ofrecer unhas conclusións profundas e ricas que dean ao oínte unha visión ampla e detallada sobre o tema investigado. É importante manter o ritmo narrativo e non perder a atención da audiencia.
  - **Sobre feitos**, que conta cando "sucedeu algo".
  - **Sobre accións**, que conta cando "alguén fixo algo".
  - **Sobre declaracións**, que conta cando "alguén dixo algo".



## Como?

1

**Busca a idea.** Calquera tema é susceptible de converterse en reportaxe. Pensa no interese humano que pode ter, as posibilidades creativas e expresivas...

2

**Define o enfoque.** Que queres conseguir e como vas facelo? Humaniza a túa narración para achegala á audiencia. Lembra que un mesmo tema tratado dende un enfoque distinto convértese nunha peza totalmente nova.

3

**Documéntate a fondo.** Como na realización de calquera peza periodística, investiga concienzudamente os feitos: fontes, entrevistas, encostas... Tamén debes investir esforzos na produción sonora que se vaia a utilizar para enriquecer a reportaxe (música, sons...).

4

**Selecciona e elabora.** Analiza con coidado o teu material, establece un fío condutor para a túa historia e crea un guion coa estrutura.

5

**Redacta a túa reportaxe final** coidando as particularidades que definen este xénero: linguaxe, estilo, ton e estrutura.

Axedrez nas aulas de Andalucía,  
Radio 5

Taller "Cócteles sen alcol", RNE  
Canarias

